



# Amencer



ALUMNOS E.X.B. - SEMINARIO "STA. CATALINA" - MONDOÑEDO (Lugo)

**BEGONTE**, cada Nadal, faise actualidade e faise actualidade polo seu Belén Electrónico e polos actos que se artellan ó redor del.

A parroquia de San Pedro de Begonte é unha das dezanove parroquias -precisamente onde está a capitalidade- que componen o Concello do mesmo nome, o Concello de Begonte que está situado na comarca da Terra Cha.

A parroquia de Begonte ten aproximadamente uns catrocentos cincuenta habitantes que viven nos seguintes barrios: Aldea, Quintimil, Begonte, Cruceiro, Pazo, Vila, Besgode e Cente. Veciños, é dicir, casas son sobre noventa.

Os habitantes de Begonte viven uns -os menos- da agricultura e outros, de distintos oficios: albañiles, carpinteiros ... e outros, están empleados en Lugo. Tamén hai algunha xente que vive de comercios e de bares.

En canto a problemas, "a xulgar polo que din -manifestou o párroco- non teñen ningún. Agora ben teñen moitos problemas como na agricultura que non está desenrolada porque non a quixerón desenvolver posto que xa se ía facendo la Concentración Parcelaria, pero por un grupo pequeno de xente, que revolveu todo, non se puido levar adiante cando xa se estaban para darse as parcelas".

A parroquia de Begonte era dos señores de Souto e de Morandeira que eran os donos de todo e a xente traballaba para eles.

Begonte é unha parroquia ben comunicada xa que por ela pasa a estrada N-VI e o ferrocarril Palencia-A Coruña.

En Begonte, fóra do Belén, non hai nada importante que ver xa que non hai castro nin monumentos importantes. A igrexa parroquial actual é de 1950. Da anterior non queda nada.

Este é o pobo de Begonte no que, cada Nadal, se opera o milagro de ser centro de peregrinaxe obrigada para ir visita-lo Belén electrónico.

Escribiron:

Escribiron:

. NACHO LORENZO TOIMIL, 8º EXB

. ABEL VIGO GARCÍA, 7º EXB





Rotulou:

XURXO LORENZO FOUZ, 6º EXB

XESUS DOMÍNGUEZ GUIZÁN é o Párroco de San Pedro de Begonte, pobo que cobra protagonismo cada Nadal gracias ós actos que organiza o Centro Cultural que, precisamente, leva o nome do "alma mater" do Belén Electrónico, de Xosé Domínguez Guizán, finado fai poucos anos.

Xesús Domínguez Guizán, seu irmán, soubo recolle-lo facho de Xosé e soubo levar adiante a obra comezada, tratando, cada ano, de mellorala e tentando, cada Nadal, de organizar máis actos ó redor do Belén Electrónico, de xeito que hoxe en día Begonte é coñecido en Galicia e ainda fóra de Galicia polo seu Belén.

O pasado día seis deste mes de decembro fomos ata Begonte para falar con Xesús Domínguez Guizán. Alí o atopamos en traxe de faena, acompañado duns colaboradores, instalando no Belén. Ó vernos fixo un alto no seu traballo e mantivemos con el a seguinte conversa:

**"A MENSAXE DO BELÉN  
É RECUPERA-LOS VALORES  
HUMANOS PERDIDOS E  
RECUPERA-LO ESPIRITO CRISTIÁN  
DO NADAL"**


"Visitarán o Belén, neste Nadal,  
máis de trinta mil persoas"

- ¿COMO NACEU O BELEN ELECTRONICO?

- O Belén Electrónico naceu a raíz de ter visto unha Coruña, na Escola de Formación Profesional acelerada de Someso. Ali había un e por aquel sacouse, pero o noso está moito máis perfeccionado.

- ¿QUE GASTOS TEN O BELEN?

- É moi difícil calcula-los gastos que ten só a montaxe e o funcionamento do Belén. Eu creo que os gastos do Belén andan sobre unhas cincocentas mil pesetas.



Debuxo de: TOMAS CARBALLEIRA RODRIGUEZ, 6º EXB

- ¿QUE ACTOS VAI HABER ESTE NADAL Ó REDOR DO BELÉN ELECTRÓNICO?

- Como tódolos anos empezaremos co Pregón que este ano vai pronuncia-lo Delegado Provincial da Coseñería de Cultura e Xuventude, Antonio Calvo. Despois teremos uns concursos: un de Debuxo infantil no que hai dúas categorías, ata dez anos e de once a quince anos. Haberá tamén un Concurso de poesía a nivel nacional. Outro de xornalismo para premia-los mellores artigos que se publiquen sobre o Belén ou sobre o Nadal en Begonte. Por último, este ano haberá o I Certame Galego de arte "Xosé Domínguez Guizán" que será para pintores de máis de dezasete anos e, para os comprendidos entre os catorce e os dezasete, teremos tamén o I Certame de Arte 'Novos Valores' "Xosé Domínguez Guizán".

-----  
**UN MILLON PARA ARTELLAR  
TODOS ESTES ACTOS**  
-----

- ¿QUE CUSTE ECONOMICO TEÑEN TODOS ESTES ACTOS?

- O custe aproximado de todos estes actos é de un millón de pesetas.




Debuxo de:

XOSE M. BASANTA MELGAREJO, 7º EXB

O BELEN ESTARA ABERTO  
DO 15 DE DECEMBRO Ó  
26 DE XANEIRO


- ¿COMO FINANCIAN O CUSTO DESTES ACTOS?

- Por unha banda, témo-las cuotas que dan os que visitan o Belén. por outra banda, os concursos están financiados do seguinte xeito: A Caixa Rural patrocina o de debuxo infantil. Caixa Galicia, o de Poesía. O de Xornalismo está patrocinado pola Consellería de Cultura. E os novos concursos de arte corren a cargo da empresa "Construcciones Nión".



- ¿DESDE CANDO E ATA CANDO VAI ESTAR ABERTO?

- Vai estar aberto desde o día 15 deste mes, que é o Pregón ata o día 26 de xaneiro que será a clausura. Tanto o día do Pregón como o da clausura actuará unha Coral.



Debuxo de:

XOSE M. BASANTA

MELGAREJO, 7º EXB

## TRINTA MIL VISITANTES

- ¿CANTA XENTE CALCULA QUE VAI VIR VISITA-LO BELEN ESTE NADAL?

- Eu calculo, tendo en conta o número de visitantes de outros anos, que vai pasar dos trinta mil visitantes.

- ¿QUE SUPON PARA BEGONTE O BELEN?

- O Belén supón vivir máis cristianamente o Nadal no aspecto relixioso. E despois supón tamén o promocionar os valores humanos e os valores culturais do Nadal.

- ¿COMO VIVE A XENTE DE BEGONTE O NADAL?

- En certo modo con ilusión, pero en Begonte sucede igual que en tódolos lados onde teñen algo que, ás veces, os menos enterados son precisamente os do propio pobo. Por exemplo o Museo de Lugo, ó mellor, coñécenlo mellor os de fóra de Lugo que os do propio Lugo. Pois en Begonte ocorre o mesmo. O menos un sector vive á marxe.

## A MENSAXE DO BELEN DE BEGONTE


- ¿CAL PODERIA SE-LA MENSAXE DO BELEN DE BEGONTE  
PARA O MUNDO DE HOXE?

- A mensaxe do Belén de Begonte para o mundo de hoxe sería recupera-los valores humanos perdidos e recuperar-lo espírito cristián do Nadal.

Ata aquí a conversa que mantivemos con Xesús Domínguez Guizán, Párroco de Begonte e Presidente do Centro Cultural que leva o nome de fundador e do "alma mater" do Belén Electrónico de Begonte.

Entrevistaron:

- . NACHO LORENZO TOIMIL, 8º EXB
- . ABEL VIGO GARCIA, 7º EXB



Debuxo de: . ABEL VIGO GARCIA, 7º EXB

Rotulou:

. CAMILO REY VARELA, 8º EXB

O pasado día seis, cando fomos a Begonte, estaban traballando na montaxe do Belén Electrónico e aproveitamos para conversar con algúns dos que estaban a traballar.

Velaquí o que nos dixeron:

#### XOSE RODRIGUEZ VARELA:

"Eu do Belén destacaría a boa acollida que ten por parte da xente. En canto a novidades, este ano o Belén ten unha estructura e unha configuración, en xeral, diferente á de outros anos. Ademáis vai ter varias figuras novas: un tear no que tece unha muller á antiga usanza, un pescador máis, un muíño de río coma moitos que hai por aquí, algunas casas novas, etc. Vai ser algo diferente a como era os outros anos."

Temos que decir que Xosé Rodríguez Varela é o artífice das figuras do Belén electrónico de Begonte. Con el traballan outras persoas entre as que están:

**XESÚS VEIGA SANGIAO:**

"O noso Belén supono todo dentro do Nadal. Supón revivi-la tradición dos beléns e, ó mesmo tempo, supón a tradición de celebrar las Navidades como se deben celebrar en familia e en unidade. Do Belén hai moito que destacar, pero sobre todo eu destacaría o ser feito de forma artesana, é dicir, feito todo á man. Dá traballo artellalo, pero ó final tamén dá gusto ve-lo traballo feito".


**RAMIRO:**

É outro dos colaboradores. Díxonos:

"O Belén para Begonte, no Nadal, supón moiísimo, supono todo. Eu destacaría o conxunto do Belén"

. NACHO LORENZO TOIMIL, 8º EXB

. ABEL VIGO GARCIA, 7º EXB



Debuxo de:

. DIEGO REY MENDEZ, 6º EXB.